Índice

Punto Limpo 1
Que é: 1
Horario de funcionamento: 1
Qué podemos levar: 1
- Tóxicos e perigosos: 1
- Voluminosos: 2
- Outros: 2
Cómo funciona: 2
Qué facemos cos residuos: 3
Consellos para a separación colectiva: 3

Punto Limpo

Que é:

O punto limpo é unha instalación de agrupamento de residuos domiciliarios no que se levan a cabo as seguintes actividades:

- Control e recepción de residuos á chegada ó Centro.
- Clasificación e agrupamento dos residuos de natureza compatible.
- Expedición dos residuos ata as diferentes instalacións de reciclaxe de cada un deles.

Os Puntos Limpos constitúen, polo tanto un sistema de recollida selectiva que reducen as cantidades de residuos eliminados en vertedoiros e evitan os verteduras incontroladas.

Horario de funcionamento:

Día	Horario de mañá	Horario de tarde
Luns	De 9h a 13h	De 17h a 19h
Mércores	De 9h a 13h	De 17h a 19h
Venres	De 9h a 13h	De 17h a 19h
Sábado	De 9h a 13h	De 17h a 19h

Qué podemos levar:

- Tóxicos e perigosos:

Aceites vexetais de cociña e minerais dos coches

Baterías de automóbil
Disolventes
Pilas
Sprais/aerosois
Radiografías
Tubos fluorescentes
Pinturas e vernices

- Voluminosos:

Electrodomésticos
Equipos electrónicos e informáticos
Enseres, mobles, colchóns, somieres, caixas, portas, marcos,…
Escombros inertes de obra

- Outros:

Vidro
Papel e cartón
Bricks, latas, envases
Madeira
Metais: aluminio, ferro, cobre, aceiro inoxidable,…
Plásticos
Plásticos agrícolas
Téxtil limpo

Cómo funciona:

1. O punto limpo do Concello de Foz é só para particulares, non para empresas.
2. É gratuíto.
3. No momento da entrega débese aportar a seguinte documentación: D.N.I., nome e apelidos, enderezo, así como o tipo e cantidade de residuos entregados.
4. Seguiranse as indicacións do operario do punto limpo para depositar os residuos no contedor adecuado.
5. No caso de que sexa unha empresa a que realice a entrega dos residuos dun particular, deberá levar un permiso que se cubrirá previamente na Delegación de Medio Ambiente do Concello de Foz. Sen este permiso non se permitirá e entrega.

Qué facemos cos residuos:

Os residuos son entregados a xestores autorizados para a súa revalorización, reciclaxe ou eliminación controlada.

TIPO DE RESIDUO	XESTOR
PILAS	LIMCO
ACEITES	PMA
PLÁSTICO AGRÍCOLA	TRAGSA
VIDRO	ECOVIDRIO
PLÁSTICOS, LATAS,…	ISOLUX CORSÁN
Electrodomésticos, PCs,…	XESGAL
PAPEL/CARTÓN	INVARE
VOLUMINOSOS	CELTA PRIX
RPs	CELTA PRIX

Consellos para a separación colectiva:

Cómpre ter especial coidado cos **fluorescentes** e as lámpadas de mercurio. Procura que non se rompan durante o traslado, xa que se trata de residuos moi perigosos.

No caso dos **disolventes**, **pinturas** e **vernices** existe a prohibición formal de mesturar as substancias con outras de características diferentes.
Procura ser coidadoso/a ao transportar **frigoríficos** e outros electrodomésticos con CFC's para evitar que se rompa o seu circuíto de refrixeración. Os CFC's son altamente contaminantes.

Se un residuo ten materiais que pertencen a **diferentes categorías**, debes separalos para botalos ao colector que corresponda. Nunca mestures os **aceites de motor** con outro tipo de aceites.

Os **aerosois** non deben de desmontarse. Depositaos enteiros no colector correspondente.

Nos colectores verdes pode depositarse calquera tipo de vidro: botellas, tarros,... Na planta de tratamento retíranselle os restos de corcho, papel ou metais para proceder á súa reciclaxe. Tira o vidro directamente ao iglú, sen bolsa.

Debes tirar os **bricks** no colector amarelo, xunto cos plásticos e as latas. Depositaos nunha bolsa plástica pechada para que non se verta o seu contido.

O **papel** e o **cartón** van ao colector azul, directamente ou nunha bolsa de papel.